



Ilmo. Concello
de
Ribadavia

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
CORRESPONDENTE O DÍA 28 DE XANEIRO DE 2013.-**

Na Casa Consistorial do Concello de Ribadavia, o día vinte e oito de xaneiro do dous mil trece; a unha e media do mediodía xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local correspondente a esta data: Alcalde-Presidente, Don Marcos Blanco Jorge.- Concelleiros: Don José Prieto Pérez e Don Javier Iglesias Sendín e Don José Ignacio Gómez Pérez.

Está presente o Secretario do Concello, Don Pablo Portela Fernández.

Esta presente o Interventor do Concello, Don Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde, pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

1.- ACTA ANTERIOR.-

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, aproba o borrador da Acta da sesión anterior, que foi a celebrada o pasado catorce de xaneiro do dous mil trece.

2.- OBRAS MAIORES.-

Non houbo.-

3.- ESCRITOS DOS SEÑORES CIADÁNS.-

A Xunta de Goberno Local toma coñecemento dos seguintes:

1. Escrito da Empresa AQUALIA, con data RE 23 de xaneiro do 2013 N° RE 399, relativa a *“Resultados analíticos del Abastecimiento y Depuración del periodo comprendido de Agosto a Diciembre de 2012”*.

INFORMACIÓN URBANÍSTICA.-

Solicitud de información urbanística interesada por **DONA HERMITAS FERNÁNDEZ MARTÍNEZ**, con domicilio a efectos de notificación na Rúa San Lázaro nº 15, en Ribadavia, con número de expediente **RIB/N/12/13**. A proposta da Concelleira de Ubanismo Dona Noelia Rodríguez Travieso, e visto o correspondente informe técnico de data 24.01.2013.



*Ilmo. Concello
de
Ribadavia*

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos seus asistentes aprobou a información urbanística que se contén naquel, na Rúa San Lázaro nº 15 (antigo 13), en Ribadavia (Ref. Catastral 06183/08), a solicitude de Dona Hermitas Fernández Martínez, de xeito que se entregará ó solicitante copia selada e cotexada do devandito informe para coñecemento e efectos.

CUALIFICACIÓN DEFINITIVA.-

1.- Visto o expediente a nome de **DONA CONCEPCIÓN VÁZQUEZ VÁZQUEZ** con DNI Nº 76.697.079-Z, con domicilio na Rúa San Martiño nº 3, en Ribadavia, relativo á subvención para actuacións no 11º Convenio de Actuacións na Área de Rehabilitación do Casco Histórico de Ribadavia, na obra sita na Rúa Fornos nº 16 – Extramuros nº 33.

A Xunta de Goberno Local, tendo en conta o informe emitido dende a oficina de Rehabilitación do Casco Histórico de Ribadavia, por unanimidade, acorda prestar aprobación á certificación fin de obra e a proposta de subvención a cargo do Ministerio de Vivenda por importe de 6.600,00 euros, e da Consellería de Vivenda por importe de 5.000,00 euros, xa que as obras foron executadas de acordo coa Ordenanza reguladora das actuacións de rehabilitación no ARI do Casco Histórico e o Convenio de Colaboración entre o I.G.V.S. e o Concello, remitindo o devandito expediente o Instituto Galego de Vivenda e Solo.

2.- Visto o expediente a nome de **DON OSCAR CARLÓN ARMADA** con DNI Nº 76.747.145-D, con domicilio no Lugar de Paixón, en Arnoia, relativo á subvención para actuacións no 12º Convenio de Actuacións na Área de Rehabilitación do Casco Histórico de Ribadavia, na obra sita na Rúa Xuíz Viñas nº 8 A.

A Xunta de Goberno Local, tendo en conta o informe emitido dende a oficina de Rehabilitación do Casco Histórico de Ribadavia, por unanimidade, acorda prestar aprobación á certificación fin de obra e a proposta de subvención a cargo do Ministerio de Vivenda por importe de 6.600,00 euros, e da Consellería de Vivenda por importe de 5.000,00 euros, xa que as obras foron executadas de acordo coa Ordenanza reguladora das actuacións de rehabilitación no ARI do Casco Histórico e o Convenio de Colaboración entre o I.G.V.S. e o Concello, remitindo o devandito expediente o Instituto Galego de Vivenda e Solo.

ACOMETIDAS DE AUGA PARA USO DOMÉSTICO.-

1.- Visto o escrito presentado por **Don Ruben Veloso Fernandez con DNI nº 44.447.775-E**, con domicilio na Rúa Muñoz Calero nº 17, portal 2, 2º F, en Ribadavia, no que prega se lle autorice a correspondente acometida de auga para o inmovible sito na Rúa Muñoz Calero nº 17, portal 2, 2º F, en Ribadavia, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda conceder o dereito de acometida para uso doméstico, que será supervisada pola empresa concesionaria do servizo.

E visto que en data de 03-12-2012 o interesado abonou a cantidade de 42,07 euros, en concepto de dereitos de acometida, de acordo co que establece a Ordenanza fiscal da taxa



*Ilmo. Concello
de
Ribadavia*

polo subministro de auga, artigo 4, parágrafo 2º, apartado a). Asemade, acorda tamén que se lle comunique este acordo á empresa concesionaria do servizo.

2.- Visto o escrito presentado por **Dona Carmen Gil Barreiro con DNI nº 76.685.327-S**, con domicilio na Rúa Muñoz Calero nº 17, portal 2, 4º H, en Ribadavia, no que prega se lle autorice a correspondente acometida de auga para o inmovible sito na Rúa Muñoz Calero nº 17, portal 2, 4º H, en Ribadavia, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda conceder o dereito de acometida para uso doméstico, que será supervisada pola empresa concesionaria do servizo.

E visto que en data de 21-12-2012 o interesado abonou a cantidade de 42,07 euros, en concepto de dereitos de acometida, de acordo co que establece a Ordenanza fiscal da taxa polo subministro de auga, artigo 4, parágrafo 2º, apartado a). Asemade, acorda tamén que se lle comunique este acordo á empresa concesionaria do servizo.

ACOMETIDAS DE AUGA PARA USO INDUSTRIAL.-

1.- Visto o escrito presentado por **Dona María Beatriz Escudero Mariño con DNI nº 76.721.002-V**, con domicilio na Rúa Progreso nº 22, 5º A en Ribadavia, no que prega se lle autorice a correspondente acometida de auga para local comercial (Clínica) sita na Rúa Progreso nº 22, baixo C, en Ribadavia, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda conceder o dereito de acometida para uso industrial, que será supervisada pola empresa concesionaria do servizo.

E visto que en data de 14-01-2013 o interesado abonou a cantidade de 42,07 euros, en concepto de dereitos de acometida, de acordo co que establece a Ordenanza fiscal da taxa polo subministro de auga, artigo 4, parágrafo 2º, apartado a). Asemade, acorda tamén que se lle comunique este acordo á empresa concesionaria do servizo.

2.- Visto o escrito presentado por **Don Javier Chaparro Tejero con DNI nº 50.437.420-F**, con domicilio na Rúa Progreso nº 30, en Ribadavia, no que prega se lle autorice a correspondente acometida de auga para local comercial (Cafetería) sita na Rúa Progreso nº 30, en Ribadavia, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda conceder o dereito de acometida para uso industrial, que será supervisada pola empresa concesionaria do servizo.

E visto que en data de 15-01-2013 o interesado abonou a cantidade de 42,07 euros, en concepto de dereitos de acometida, de acordo co que establece a Ordenanza fiscal da taxa polo subministro de auga, artigo 4, parágrafo 2º, apartado a). Asemade, acorda tamén que se lle comunique este acordo á empresa concesionaria do servizo.

Como Secretario fago referencia ao acordo adoptado en Xunta de Goberno Local de 12 de decembro de 2011.



Ilmo. Concello
de
Ribadavia

4.- ESCRITOS OFICIAIS.-

A Xunta de Goberno Local toma coñecemento dos seguintes:

1. Comunicación da Consellería de Medio Ambiente, Xestur Ourense, con data RE 24 de xaneiro de 2013, N° RE 418, en resposta ao escito do concello remitido en data de 15 de novembro de 2012 no que se comunicaba en base ao informe técnico de data 9 de novembro de 2012 (do que se adxuntaba copia), que a división de parcelas realizada por XESTUR non se corresponda co Plan Parcial. No escrito se comunica que *no suposto de que en algunha parcela do parque empresarial exista diverxencia entre a medición existente na división material e a realidade, procederase se fose procedente, a súa regularización de conformidade coa lexislación civil e hipotecaria.*
A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos seus asistentes acorda remitir novamente o escrito presentado, acompañado do correspondente informe técnico aos efectos de que se proceda ao arranxo desta situación.
2. Comunicación do Xulgado do contencioso nº 2 de Ourense, con data RE 22 de xaneiro de 2013, N° RE 364, relativa a Sentenza do Procedemento Abreviado nº 57/2012.
3. Comunicación da Consellería de Presidencia, con data RE 23 de xaneiro do 2013, N° RE 386, relativa a expediente de deslinde dos termos municipais Ribadavia e Carballeda de Avia.
4. Comunicación da Confederación Hidrográfica do Miño Sil, con data RE 16 de xaneiro do 2013, N° RE 213, relativa a inscrición de pozo denominado A fonte, sito en Ventosela.
5. Comunicación do Valedor do Pobo, con data RE 14 de xaneiro de 2013, N° RE 144, relativa a reparación do camiño das Velas.
A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos seus asistentes acorda comunicar que no momento actual dada a drástica redución de persoal no Grumir, e as inclemancias meteorolóxicas é de todo imposible porcer ao arranxo do camiño, que se realizará según muden estas circunstancias.
6. Comunicación da Consellería de Medio Rural e do Mar, con data RE 4 de xaneiro do 2013, N° RE 52, relativa a comunicación de anticipo de subvención por importe de 46.320,08 euros.
7. Comunicación da Consellería de Medio Ambiente, con data RE 8 de xaneiro do 2013, N° RE 79, relativa a presenza de residuos de construción e demolición no parque empresarial.
8. Comunicación da Asociación Unión de Minusválidos de Asturias San Blas, con data RE 9 de xaneiro do 2013 N° RE 92, relativa a *“permiso para el ofrecimiento de muestras agendas con horóscopo para el año 2013”*.



Ilmo. Concello
de
Ribadavia

9. Comunicación da Consellería de Traballo e Benestar, con data RE 10 de xaneiro do 2013, N° RE 98, relativa a outorgamento de prazo de un mes para proceder a subsanación de documentación.
10. Comunicación da Asociación Galega de Ambulantes e Autónomos, con data RE 17 de xaneiro do 2013 N° RE 273, relativa a solicitude de anulación do cobro do segundo trimestre do ano 2013 da taxa fiscal de ocupación de espazo público para o exercicio do comercio ambulante.

5.- CUESTIONS ECONÓMICAS E ASUNTOS VARIOS.-

CAMBIO TITULARIDADE DE SEPULTURA.-

Visto o escrito presentado por Dona Begoña Rivera Martínez con DNI nº 76.711.196-D, con domicilio na Rúa Rodriguez de la Fuente nº 1, 1º C, en Ribadavia, e no que interesa o cambio de titularidade ao seu nome da sepultura con código 124T do cemiterio de Ribadavia que figura a nome de Dona Laura Cruces Deaño.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, tendo en conta a documentación presentada e comprobado polo persoal competente a correspondencia dos datos presentados, acorda acceder ao solicitado, polo que a partir de presente data o recibo correspondente á sepultura 124T xirarase a nome de Dona Begoña Rivera Martínez, aínda que este cambio de titularidade non suporá nunca dereito de propiedade de ningún tipo sobre a sepultura en cuestión.

DECLARACION DE INCURSIÓN NA SITUACION DE FORA DE ORDENACIÓN.-

Visto o expediente iniciado en data 29 de novembro de 2011 mediante solicitude de Dona Sandra Barroso Alonso en representación de BARROSOCAR S.L. con DNI nº 44.467.042-S e con CIF nº B-32167686, relativa a solicitude de declaración de incursión legal de fóra de ordenación total da súa nave.

Visto o informe técnico de data 17 de xaneiro do 2013 no que se dicía que:

“Vista toda a documentación existente, informase desfavorablemente a solicitude de declaración de incursión na situación legal de fóra de ordenación total da nave, por terse realizado as obras con licenza urbanística municipal en data 29 de abril de 1991”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda :



*Ilmo. Concello
de
Ribadavia*

1. Denegar a declaración de incursión na situación legal de fóra de ordenación total da nave, sita na Estrada N-120 P.K. 595, en A Quinza, no municipio de Ribadavia, instada por Dona Sandra Barroso Alonso en representación de BARROSOCAR S.L. dacordo co establecido na disposición transitoria terceira 2/2010.

6.-ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN REGULAMENTARIAMENTE.-

Non houbo.-

E sendo as dúas do mediodía, o Sr. Alcalde, ergueu a sesión, estendéndose a presente, do cal, coma Secretario, certifico.

